


De cando as igrexas de Darbo e do Hío sufriron roubos

En abril de 1844 dous homes e dous mulleres piden a chave de Darbo alegando ter unha promesa á Virxe e asaltan o templo e en agosto de 1926 os ladróns entran polo tellado na do Hío



Publicación do roubo en El Progreso o 25/8/1926.

Anxo Coya (*)

07-09-21 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/09/07/cando-as-igrexas-darbo-do-57025513.html>

Nesta colaboración o autor fai unha referencia a varios sucesos relacionados co asalto a dúas igrexas parroquiais que aconteceron tempo atrás, concretamente ás freguesías de Santa María de Darbo e de Santo André do Hío.

A Luís Guimeráns e Nardo Rial, devotos da fotografía antiga

En tempos da I Guerra Carlista e **no comezo da Desamortización de Mendizábal, o Ministerio de Gobernación do Reino** (sic), enténdese español, emitiu un **decreto en outubro de 1836**, que tamén podemos designar como unha circular, onde se ordenou **facen inventarios das alfaias e outras pertenzas que posuían varias institucións eclesiásticas** como igrexas, colexiats, ermidas e outras máis.



Debuxo da igrexa de Darbo de Paco Priego, publicado en FARO DE VIGO el 11/09/1929. // ARQUIVO DO AUTOR

A maior causa do denominado decreto era o progresivo aumento de facciosos que se apoderaban de ornamentos sacros fabricados con metais preciosos de moito valor como o ouro e a prata, co agravante, en ocasións, de maltrato físico aos cregos e demais persoas que exercían, entre outras, labores de custodia. Seleccionamos o seguinte da mencionada circular: **/...A fin de evitar en adelante los graves males que siguen a la causa de la libertad de la ocupación que en varios puntos hacen las facciones, de la plata alajas y demás efectos que se hallan en las iglesias y de los fondos que les pertenecen.../** (D POADPDOC3401 - 3.5.1 Documentación de culto e clero. 1165/7).

En el *Centinela de Galicia* (periódico de la Coruña), del 24 leemos lo siguiente:
"Acaba de ser robada la rectoral de Arados, ayuntamiento de Rianjo, por una gavilla de facinerosos, que despues de tratar grosera y bárbaramente á su cura parroco, le llevaron todos los cubiertos de plata, y la mayor y mejor parte de sus ropas, sin dejarle siquiera una capa con que cubrirse."
"Nos dicen de Vigo con fecha 22: ayer han entrado presos en esta ciudad dos hombres y dos mugeres, que se suponen ser los ladrones de la iglesia de Darbo unida á la villa de Cangas. Para verificar el robo al anochecer, sorprendieron estas al sacristan diciéndole que les diese la llave de la iglesia para cumplir una promesa a la Virgen, sin cuyo requisito no les querian echar la absolucion."

Nota do suceso de Darbo en "El Católico" o 30/4/1844 // ARQUIVO DO AUTOR

Ante o crego de Darbo don Jose B. Mallo e o "individuo de Ayuntamiento" (sic) don Juan Manuel Matos Benavides, faise o inventario que se refire á dita igrexa. Inventariándose no interior do templo de Darbo o seguinte: /...La Cruz Parroquial de Plata, dos calices de idem con sus respectivas Patenas, un Copon de idem qe se halla en el sagrario, un Relicario para llevar el Biático á los enfermos, Las tres oleeras tambien de lo mismo, un incensario con su naveta y una Lámpara tambien de Plata qe alumbra al Santísimo, qe son las unicas qe hemos encontrado... se hallan fundadas en la misma Yglesia hasta tres Cofradías con diferentes advocaciones, como no posehen Rtas (rentas) algunas y solo se conservan á devocion de los mismos fieles y con las mismas Limosnas con qe contribuien en las especies de maíz, Lino y vino al tpo. (tiempo) de las cosechas.../



Igrexa e Cruceiro do Hío entre 1954 e 1964. ARQUIVO GONZALO ROMERO

Existen, na prensa antiga, varias noticias relacionadas con frecuentes roubos, aínda posteriores ao 1836. Son moitos os casos, mais por estaren notificados dous asaltos conxuntamente nos xornais da época, damos conta dun violento á casa reitoral de santa María de Asados (Rianxo) onde os delincuentes roubaron os garfos de prata e deixaron ao crego totalmente espido e dun roubo na igrexa de santa María de Darbo, ámbolos dous en abril de 1844. No que atinxe ao asalto de Darbo sabemos que aconteceu uns días antes do 22 de abril do dito ano, e que foron acusados dous homes e dúas mulleres que pediron a chave da igrexa ao capelán, alegando ter unha promesa á virxe (entendemos a Nosa Señora de Darbo). Descoñecemos se no roubo se apoderaron de ornamentos de prata ou se levaron certa cantidade de diñeiro. O que si sabemos é que días máis tarde os presuntos ladróns ficaron presos no cárcere de Vigo. Para corroborar estes sucesos, os lectores poden consultar as noticias nos seguintes xornais: El Católico, 30/04/1844, páx.4, El Herald, 1/05/1844, páx. 3, El Eco del Comercio, 4/05/1844, páx.4 e El Espectador, 5/05/1844, páx.4 (B.N.E.).

En la Iglesia Parroquial de S.^{to} Andrés del Hío a dies y ocho dias del mes de octubre de un año de mil ochocientos treinta y seis. Yo el Comisionado habiendome comovido en esta Iglesia a cargo de su Cruz Parroco, y de D.^{to} Juan Mar. Ma. los Benavides, como individuos del Ayuntamiento de la citada villa de Langos, a fin de formar el inventario, q.^{to} se me previene q.^{to} mi comision, y Planico a todos los Caudales oro y Plata lavada, Alajas, y objetos preciosos de qualquiera especie q.^{to} sean, sin ninguna excepcion q.^{to} existen en la referida Iglesia, como tambien en las Cofradías fundadas en ella, con arreglo al Art.^o primero del R.^o Decreto de S.^{to} M. de seis de octubre q.^{to} se solo hemos hallado en virtud de presentacion eha pr dho Parroco las Alajas siguientes: La Cruz Parroquial de Plata mui destruida y gastada= dos calices con sus respectivas Patenas= El copon tambien de lo mismo, Las tres oleeras tambien de idem= El Biril en q.^{to} se espone a su divina Majestad= el Relicario p.^o llevar el Biatico a los enfermos= un Yncensario con su Naveta de idem= q.^{to} son las unicas q.^{to} hemos encontrado, y hay p.^o el uso preciso del servicio de la Iglesia; advirtiendome q.^{to} aunque se hallan fundadas en la misma hasta cinco cofradías con diferentes advocaciones, como no posehen otras algunas, y solo se conservan a devocion de los mismos hijos, y con las limosnas con q.^{to} contribucion en las especies de mar, olio, y vino al tiempo de las procesiones p.^o atender al cumplimiento de sus cargos y obligaciones: tambien se halla una en los remos de una Parroquia una Cruz con la advocacion de S.^{to} Bartolome q.^{to} se tiene una doce fer.^o de mediado q.^{to} no llegan para el alumbrado, etc.

Inventario de obxectos da igrexa do Hío en 1836. ARQUIVO DO AUTOR

O roubo na igrexa do Hío

Afondando na listaxe dos bens pertencentes ás igrexas e ermidas das parroquias que hoxe constitúen o Concello de Cangas do Morrazo (Coiro, Aldán, Darbo, Cangas e do Hío) detémonos **no tocante á parroquia do Hío, sendo abade en 1836 don Antonio Iglesias** y Boan e lemos o seguinte: /...En la Yglesia parroquial de Sn Andres del Hío a dies y ocho dias del mes de Octubre de este año de mil ochocientos treinta y seis... solo hemos hallado en virtud de presentacion eha pr dho Parroco las Alajas siguientes: La Cruz Parroquial de Plata mui destruida y gastada= dos calices con sus respectivas Patenas = el copon tambien de lo mismo, las tres oleeras tanvien de idem= el Biril con qe se espone á su divina Majestad= el Relicario pa llevar el Biatico a los enfermos = un Yncensario con su naveta de idem= qe son las unicas qe hemos encontrado y hay pa el uso preciso del servicio de la Yglesia; advirtiendome qe aunque se hallan fundadas en la misma hasta cinco cofradías con diferentes advocaciones, como no posehen

Rtas algunas, y solo se conservan á devocion de los mismos fieles, y con las limosnas con que contribuien en las especies de maíz, Lino al tiempo de las cosechas, nunca tienen mas caudales ni fondos sobrantes que los precisos pa atender al cumplimto de sus cargas y atenciones: tanvien se halla sita en los terminos de esta Parroquia una ermita con la advocacion de Sn Bartolome que percive de renta unos doce ferrs (ferrados) de mediado que no llegan para el alunvrado, Retejo y mas composiciones.../

Un robo sacrilego.—En la noche del sábado al domingo, ha sido robada la iglesia de la inmediata parroquia del Hío, llevándose los ladrones varios objetos de culto, como cálices y coronas de plata. Los cacos no han sido habidos, suponiéndose se hayan fugado en un auto en las primeras horas de la madrugada.

Publicación en El Pueblo gallego do roubo en O Hío. ARQUIVO DO AUTOR

Xa no século XX, o templo da parroquial do Hío tamén foi escenario dun roubo. Segundo a consulta feita en varios xornais da época, **o feito aconteceu no mes de agosto de 1926, concretamente a noite do 21 para o domingo 22 cando exercía o sacerdocio nesta parroquia do Hío Ricardo Touriño Gamallo.** Os ladróns, así o expresa a prensa antiga, apoderáronse dunha escada que se atopaba no eido da Casa Reitoral e que foi trasladada ata a igrexa. Deste xeito **conseguiron subir ata o tellado, lugar por onde accederon ao interior do templo.** Os cacos roubaron un importante e valioso botín formado por: tres cálices de prata, un dos cales era moi antigo e tiña un gravado, tres patenas e culleres do mesmo metal, un incensario coa inscrición “Hío” que databa do 1716, unha naveta coa inscrición “Hío Aldao” (cremos que relativa aos que foron irmáns e reitores no Hío no s.XVII, Ventura e Justo Pastor Aldao y Taboda), dúas coroas de imaxes, tres copas, un hisopo e unha barra de 70 cms. de longo e un espesor de 1 cm. todo do prezado metal. Parece ser que non deron cos amigos do alleo.

Robo sacrilego en Hío
En la noche del sábado al domingo fué robada la iglesia de la parroquia de Hío (Cangas).
Los ladrones penetraron por el tejado de la iglesia, valiéndose de una escalera cogida en la huerta de la rectoral.
Los cacos se apoderaron de los siguientes objetos que se guardaban en la sacristía:
Tres cálices de plata, uno de ellos muy antiguo y con grabados. Tres patenas, cucharillas del mismo metal y un incensario de plata con la inscripción: «Hío», del año 1716. Una naveta que lleva el nombre de «Aldao-Hío», dos coronas de imágenes, tres copas de plata, un isopo, una pilita, una barra de 70 metros largo por un centímetro de grueso y otros objetos de menor valor pero todos de plata.
Algunos de los objetos robados tienen un valor artístico de importancia.

Publicación do roubo en El progreso o 25/08/1926. ARQUIVO DO AUTOR

(*) Veciño do Hío